

REGULAMENTO DO CROSS

A **ANPA do CEIP Chans Bembrive**, xunto co Concello de Vigo, Entidade Local Menor de Bembrive e a colaboración de Xovenes Atletas organizan o I Cross Escolar Chans, que se celebrará o día 28 de Abril do 2024 a partir das 10:30 horas no propio centro escolar, así como nos arredores do mesmo.

1.- A carreira organízase aberta, para tod@s @s nen@s nados entre os anos 2020 e 2011, ambos inclusive. Tod@s @s nen@s estarán asegurados por un seguro de accidentes contratado por esta ANPA.

2.- Non será admitido ningún atleta ou centro que non fora invitado pola organización.

3.- As inscricións, son de balde, deberán facerse no enderezo de correo electrónico anpa.chans.olecer@gmail.com ou no enlace de inscrición que hai no cartaz do cross. Poñendo o nome, apelidos, e a categoría de competición (data de nacemento). A inscrición de tódalas categorías pecharase sen excepción ás 22:00 horas do día 22 de Abril de 2024. Toda solicitude de inscrición chegada con posterioridade a dito peche será rexeitada.

4.- A ANPA do CEIP Chans Bembrive non se responsabiliza dos danos físicos e/ou morais sufridos como consecuencia da participación nesta proba. Todo participante no I Cross Escolar Chans acepta, sen reserva algunha, todo o reflectido neste regulamento. Así mesmo, consinte na toma de imaxes, que pasarán a formar parte do arquivo da ANPA "O Leer" ás que se lles poderá dar un uso para a promoción das actividades organizadas por esta ANPA.

5.- Os dorsais serán entregados pola organización na zona de saída da proba, sita no interior do recinto escolar, ata media hora antes do comezo da proba da categoría correspondente.

6.- Tódolos clubs, colexios ou agrupacións deportivas estarán representados por un delegado/delegada para tratar calquera tema referente á competición co Comité Organizador.

7.- Entregaranse trofeos aos primeir@s clasificad@s de cada categoría, en ambos sexos, e medallas a tódolos participantes.

8.- Na carreira de Nais e Pais, so poderán participar, **nais** e **pais** que teñan nen@s que participen neste cross.

9.- As categorías en competición, orde de saída e distancias serán as seguintes. (Dependendo do número de participantes, poderán agruparse varias categorías nunha mesma carreira)

DISTANCIAS E HORARIOS

HORA	CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	PERCORRIDO	DISTANCIA
10:30	INFANTIL FEMININO	2012-2011	1 volta D+1 volta E	1300m
10:45	INFANTIL MASCULINO		1 volta D+ 1 volta E	1300m
11:00	ALEVÍN FEMININO	2014-2013	E	700m
11:15	ALEVÍN MASCULINO		E	700m
11:25	CARREIRA DE NAIS E PAIS		E	700m
11:45	BENXAMÍN FEMININO	2016-2015	D	600m
11:55	BENXAMÍN MASCULINO		D	600m
12:05	PREBENXAMÍN FEMININO	2018-2017	C	500m
12:15	PREBENXAMÍN MASCULINO		C	500m
12:25	OLIMPICOS 4 ANOS FEMININO	2019	B	200m
12:35	OLIMPICOS 4 ANOS MASCULINO		B	200m
12:40	PITUFOS 3 ANOS FEMININO	+2020	A	100m
12:50	PITUFOS 3 ANOS MASCULINO		A	100m


PERCORRIDOS

Os percorridos das distintas carreiras discorrerán segundo os seguintes planos, os itinerarios estarán delimitados por cintas suficientemente visibles. Haberá voluntarios nos cruces e desvíos que se atopen nos percorridos para indicar a dirección da carreira e posibles pasos estreitos.


Para manter a seguridade na zona das carreiras solicítase ao Concello de Vigo, restrición de tráfico rodado previsto ao inicio deste documento.




Percorrido A
(100m)



Percorrido B (200m)



Percorrido D
(600m)



Camiño do Lecer SN, 36313 Vigo
anpa.chans.olecer@gmail.com
698191744



Percorrido E (700m)